



Na data 23/03/2026 comezou a aplicación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 48 do 9 de marzo), ao procedemento de cobertura temporal dos postos adscritos ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Co obxecto de garantir o funcionamento do sistema, esta aplicación levouse a cabo de forma paulatina iniciándose coa realización dun proxecto piloto polo que se asumiu a cobertura temporal dun número limitado de postos, concretamente os que estaban adscritos ao corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral, escala técnica facultativa, especialidade educador e educadora infantil.

Unha vez realizadas as comprobacións técnicas necesarias para garantir o correcto funcionamento dos sistemas implicados na cobertura temporal destes postos e dada a eficacia do proxecto piloto que se puxo en funcionamento, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal decidiu aplicar o Decreto 37/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 48 do 9 de marzo) a partir do 21/05/2026, ao procedemento de cobertura temporal dos postos adscritos ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Polo tanto, estes postos poderán ser ofertados nos chamamentos efectuados a través das listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Exceptúase da aplicación desta regulación a cobertura temporal dos postos adscritos ao corpo auxiliar da Administración xeral, escala de persoal de servizos xerais (PSX), e ao corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, escala de xerocultor ou xerocultora, que se realizará a través das listas propias do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar mentres non finalice o procedemento de elaboración das listas correspondentes ás ditas escalas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

As persoas que están prestando servizos en postos adscritos ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que non foron seleccionadas a través das listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, e polo tanto non están en suspensión de chamamentos de oficio segundo o establecido no apartado 1 do artigo 15, poderán solicitar a suspensión de chamamentos regulada no apartado 2 do dito artigo 15, que establece o seguinte:

“As persoas integrantes das listas que non estean prestando servizos a través das listas elaboradas en aplicación deste decreto poderán solicitar a suspensión das citacións. O modelo de solicitude estará á disposición das persoas interesadas na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica> e deberá efectuarse electronicamente.

A solicitude terá efectos en todas as listas en que estea inscrita a persoa solicitante desde o día seguinte á súa presentación.

A suspensión manterase en canto a persoa interesada non presente solicitude de reincorporación. A solicitude de reincorporación efectuarase electronicamente no modelo que estará á disposición das persoas interesadas na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica> e producirá efectos transcorridos 10 días desde a súa presentación.” Este prazo de 10 días, na actualidade, está reducido de conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4, da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 252 do 31 de decembro de 2025), de xeito que a solicitude de reincorporación produce efectos desde o día seguinte da súa presentación.

As persoas que sexan chamadas a través das listas reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, e non acepten ou rexeiten os postos ofertados a que estivesen obrigadas, non se presenten no posto de traballo previsto na credencial no prazo indicado ou renunciem a un posto para o que fosen seleccionadas, serán penalizadas de conformidade co establecido no seu artigo 18.